

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

ORDE do 6 de outubro de 2011 pola que se establecen os domingos e festivos en que se autoriza a apertura de establecementos comerciais durante o ano 2012.

A Lei 13/2006, do 27 de decembro, de horarios comerciais de Galicia (DOG do 28 de decembro), determina no seu artigo 5 que os domingos e días festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público serán, como máximo, oito ao ano. O tempo máximo entre a apertura e o pechamento en domingos e días festivos autorizados será de doce horas.

O artigo 6 do mesmo texto legal sinala que os domingos e festivos de apertura serán determinados para cada período anual mediante orde da consellería que posúa as competencias en materia de comercio, que se publicará no *Diario Oficial de Galicia* antes do 15 de outubro do ano anterior ao da súa aplicación, logo da consulta ás asociacións de consumidores máis representativas con implantación en toda a comunidade, ao Consello Galego de Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación de Galicia e ás demais organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas de Galicia.

Con independencia do establecido na liña anterior e co obxectivo de protexer os intereses comerciais nos diferentes concellos, despois de seren publicadas no *Diario Oficial de Galicia* as datas a que fai referencia este artigo, calquera concello poderá solicitar da consellería competente en materia de comercio a modificación de dúas datas para o seu termo municipal. Esta solicitude deberá ser motivada e realizarse antes do 15 de novembro, tendo que se presentar acompañada dos informes emitidos pola cámara de comercio, industria e navegación da zona e polas organizacións empresariais e sindicais do sector comercial máis representativas. A consellería resolverá no prazo de quince días, contados desde a presentación da solicitude. De transcorrer o devandito prazo sen resolución expresa, considerarase estimada a petición. Con anterioridade ao 15 de decembro serán publicados no *Diario Oficial de Galicia* os cambios que se aproben.

A Consellería de Economía e Industria ten competencia en materia de comercio de acordo co disposto no Decreto 324/2009, do 11 de xuño, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía e Industria.

En aplicación dos citados preceptos, logo de consulta efectuada aos axentes socioeconómicos determinados pola lei, e tendo en conta o interese xeral do comercio e dos consumidores, procédese á fixación dos oito domingos e festivos que, para os efectos do exercicio da actividade comercial, terán a condición de hábiles durante o ano 2012.

Polo tanto, en uso das facultades que teño conferidas,

DISPOÑO:

Artigo único. Os domingos e festivos en que os establecementos comerciais poderán permanecer abertos ao público cun horario máximo de 12 horas diarias durante o ano 2012 son:

8 de xaneiro

5 de abril

1 de xullo

2 de decembro

8 de decembro

16 de decembro

23 de decembro

30 de decembro

Santiago de Compostela, 6 de outubro de 2011.

Javier Guerra Fernández
Conselleiro de Economía e Industria